



## CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAMPO A TRAVÉS BAIONA 13-FEBREIRO-2016

O Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra da Xunta de Galicia en colaboración coa Federación Galega de Atletismo e o Concello de Baiona, organizan o Campionato Provincial da modalidade CAMPO A TRAVÉS do programa XOGADE.

### **NORMATIVA:**

#### ***PARTICIPANTES***

Poderán participar todos os colexios, ANPAS, asociacións e clubs que se teñan clasificado nos respectivos campionatos zonais da provincia, que cumpran os requisitos de mutualización no programa XOGADE e que fagan a súa inscrición nesta proba.

#### **ACREDITACIÓN**

*Os participantes, ou os seus delegados, deberán portar a identificación dos atletas (carné do programa "Xogade" con foto, ficha federativa, DNI ) durante a proba, xa que se lle pode requirir.*

Para este campionato están clasificados os 2 mellores equipos de cada fase zonal , así como os 8 primeiros atletas clasificados a nivel individual que non estiveran incluídos nos equipos clasificados. Non participará ningún atleta individual clasificado despois do 8º posto. *Táboa no adxunto.*

Nas categorías Benxamín, Alevín e infantil, cada equipo estará formado por un mínimo de 4 e un máximo de 6 atletas.

Na categoría Cadete o mínimo será de 3 e o máximo de 6 atletas.

Non se poderán completar os equipos con atletas de categorías inferiores.

Calquera aspecto non recollido nestas normas rexerese pola normativa xeral Xogade e o Regulamento federativo.

#### **CATEGORÍAS**

BENXAMÍN: nados nos anos 2008-2007 masculino e feminino.

ALEVÍN: nados nos anos 2006-2005 masculino e feminino.

INFANTIL: nados nos anos 2004-2003 masculino e feminino.

CADETE: nados nos anos 2002-2001 masculino e feminino.

#### **INSCRICIÓN**

A inscrición dos atletas participantes neste Campionato Provincial de Campo a Través Escolar rematará o martes 9 de febreiro de 2016, e farase utilizando o sistema on-line da Federación **Española** de Atletismo.

No caso de que algún centro escolar non poida facer a inscrición por este sistema pode solicitar unhas follas de inscrición a este Servizo para facelo manualmente.

Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial.

Unha vez feita a inscrición non se admitirán cambios entre atletas de dous equipos da mesma entidade.

#### **INSTRUCCIÓN PARA TRAMITACIÓN DE INSCRICIÓN NA INTRANET DA RFEA**

1.- Usar as claves asignadas para o meu centro, colexio, asociación, club, etc... que veñen no documento adxunto (ENTIDADES PONTEVEDRA).

2.- Entrar na dirección web [www.rfea.es](http://www.rfea.es). Picar no banner superior da dereita EXTRANET RFEA.

3.- Entrar co usuario e contrasinal que me asignaron. O programa pídeme que cambie o contrasinal e fahme volver a entrar co novo contrasinal. Debo apuntar e gardar este



contrasinal. Con certa periodicidade o programa pedirá cambiar este contrasinal.

4.- Unha vez dentro da aplicación. Pinchar na opción AREA DE COMPETICIONES que está abaixo á esquerda.

5.- Desplegase un menu, pinchar na opción INSCRIPCIONES TERRITORIALES.

6.- Encher os desplegados, Temporada, Mes e Federación.

- Como exemplo para esta primeira proba serían: 2014-2015, diciembre e Galicia.

7.- Nos resultados da búsqueda, elixir a nosa proba e facer clic na imaxen dunha tarxeta na columna inscipciones (Insc., penúltima columna).

8.- Seleccionar proba e sexo e facer clic en inscribir atleta escolar.

- No seguinte menú que sae, filtrar pola categoría que queiramos inscribir e darlle a aceptar.

- Saenos un listado, seleccionar ós atletas que queiramos inscribir (marcamos a todos eles) e aceptar.

- Repetir o proceso para cada Categoría.

9.- Unha vez finalizado o proceso de todas as inscipcions, na pestaña Inscipciones, facendo clic na lupa, pode xerar un excell con todas as inscipcions que acabo de realizar, ordenados por categoría e sexo dos atletas.

Para calquera dúbida chamar a Luís Gómez Fiaño (981 291683); email [cofcluis@hotmail.com](mailto:cofcluis@hotmail.com)

### **DORSAIS**

Os dorsais serán facilitados pola organización ate 30 minutos antes do comezo da proba. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados.

Sería conveniente que os dorsais se asegurasen con imperdibles.

### **LUGAR E DATA**

Circuito praia Ladeira - Baiona, sábado 13 de febreiro de 2016.

### **HORARIO**

Entrega de dorsais: 10:15

HORARIOS, CIRCUÍTOS E DISTANCIAS DAS PROBAS FIGURAN NO ARCHIVO ADXUNTO

### **PREMIOS**

Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados individuais de cada categoría, e trofeos aos 3 primeiros equipos clasificados de cada unha.

### **CLASIFICACIÓN**

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual. Segundo a orde de entrada na meta.

- Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

**Para o campionato galego (alevín, infantil e cadete) clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase provincial, así como os 8 primeiros atletas clasificados individualmente que non estiveran incluídos nos equipos clasificados. En ningún caso se correrá o posto de invitado aos atletas que chegaran a partir do 8º clasificado.**

En casos excepcionais, ou por interese da selección galega, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá autorizar a participación de atletas a título individual que non participasen no campionato provincial, previa proposta razoada da FGA, e debidamente documentada.



No caso de precisar Autobús, solicitalo, como data tope o 8 de febreiro de 2016, no número 886218284, ou no correo: [transporte-xogade.pontevedra@xunta.es](mailto:transporte-xogade.pontevedra@xunta.es)

Non será posible xestionar ningún transporte se a solicitude é posterior á data indicada.

